

PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA A CATEDRÁTICA/O DE UNIVERSIDADE NO ANO 2016

Antecedentes

O artigo 32 do Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo contempla a posibilidade de que, para facilitar a carreira académica do PDI, a universidade realice unha oferta anual de prazas de profesorado, entre elas as correspondentes ao corpo de Catedráticas/os de Universidade (CU). Indícase tamén que o Consello de Goberno, en función das disponibilidades orzamentarias da propia institución e da existencia de programas e incentivos no ámbito estatal e autonómico, fixará as condicións para a creación das prazas correspondentes.

As restricións normativas ás que se veu sometida a Universidade de Vigo dende o ano 2012 impediron a convocatoria de prazas de CU nos últimos anos. Sen embargo, a modificación normativa introducida en setembro de 2015 (Real Decreto-lei 10/2015, BOE de 12 de setembro de 2015) permite a convocatoria de prazas de CU por promoción interna que non computan a efectos de oferta de emprego público (OEP) anual. Esta modificación permite á Universidade de Vigo a convocatoria de prazas de CU sen computar na OEP anual e dar así resposta ao lexítimo dereito á promoción das persoas acreditadas como CU.

Dado que a acreditación a CU non está limitada en número e depende unicamente dos méritos das persoas acreditadas, o número de prazas necesario para a promoción de todo o profesorado acreditado excede a capacidade de dotación de prazas da universidade, polo que se fai necesario establecer criterios de selección das áreas de coñecemento nas que realizar as convocatorias, que permitan o acceso progresivo das persoas acreditadas actualmente e das que se acrediten no futuro.

En aplicación do Real Decreto-lei 10/2015, BOE de 12 de setembro de 2015, o número máximo de prazas de CU que se pode convocar por promoción interna é o número de prazas de profesorado funcionario convocado na oferta de emprego público de quenda libre. Así, en aplicación da OEP do PDI para o ano 2016 a Universidade de Vigo pode convocar 12 prazas de promoción interna ao corpo de CU no ano 2016.

Co fin de seleccionar as áreas de coñecemento nas que se convocarán estas prazas, o Consello de Goberno de 16 de decembro de 2016, aproba o seguinte procedemento e os seguintes criterios:

Para esta convocatoria, só se considerarán as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015, fose funcionario de carreira do corpo de profesorado titular de universidade a tempo completo, con dous anos de servizos efectivos baixo a dita condición, e contase coa acreditación ao corpo de CU. Todos os cálculos realizaranse cos datos dispoñibles na data de aprobación deste documento polo Consello de Goberno.

Establécese un dobre criterio para a selección de áreas. Asignaranse 4 prazas polo Criterio I e 8 prazas polo Criterio II. Se hai máis solicitudes que prazas ofertadas a priorización realizarase atendendo o seguinte procedemento:

Criterio I:

Terase en conta o número de sexenios da persoa solicitante, mediante a asignación a cada unha da seguinte puntuación S:

$$S = N + (N - N_{\text{área}}) + 0.1 k$$

Onde:

N: número de sexenios do solicitante

$N_{\text{área}}$: promedio de sexenios na área de coñecemento do solicitante según os datos máis recentes que, na data de aprobación destes criterios polo Consello de Goberno, figuren no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU) (pódese consultar en <http://www.mecd.gob.es/educacion-mecd/areas-educacion/universidades/estadisticas-informes/estadisticas/personal-universitario.html>).

k: número de anos completos transcorridos desde o último ano do último tramo concedido, sempre que non transcorresen máis de 6 anos completos. Se o número de anos completos é superior a 6 o valor de k é 0.

Os valores de $N_{\text{área}}$ e S empregaranse con 2 cifras decimais.

Seleccionaranse as áreas de coñecemento correspondentes ás 4 persoas con maior valor de S. En caso de empate, empregarase como primeiro criterio de desempate o xénero da persoa solicitante. Así, calcularase o cociente entre o número de CU do mesmo xénero da persoa solicitante e o total de CU da área de coñecemento na Universidade de Vigo e será seleccionada a área de coñecemento con menor cociente.

De persistir o empate desfarase aplicando sucesivamente os criterios de maior antigüidade na acreditación, maior antigüidade como profesorado permanente na Universidade de Vigo e maior idade.

Non poderá seleccionarse máis de 1 praza por área de coñecemento segundo este criterio.

Criterio II:

Para seleccionar as áreas nesta convocatoria, ordenaranse todas as áreas nas que existan solicitantes en función dun indicador I (con 2 cifras decimais) que considera o número de CU e a plantilla permanente da área. O cálculo do indicador I realízase como segue:

$$I = \frac{P}{R} - C$$

P = nº de persoas con vinculación permanente da área excluindo as xubilacións forzosas durante o curso 16/17

C = nº de CU da área, excluindo as xubilacións forzosas durante o curso 16/17 e incluíndo as obtidas polo Criterio I

R = nº de persoas con vinculación permanente / nº de CU (no conxunto da universidade, excluindo as xubilacións forzosas durante o curso 16/17)

No caso de áreas divididas en máis de un departamento aplicarase o criterio a cada departamento e será seleccionado o departamento en lugar da área.

Seleccionaranse as oito primeiras áreas da lista ordenada de maior a menor valor de I garantindo unha praza por ámbito (incluíndo as áreas seleccionadas no Criterio I), sempre que existan solicitudes.

En caso de empate, empregarase como primeiro criterio de desempate o xénero da persoa solicitante. Así, calcularase o cociente entre o número de CU do mesmo xénero da persoa solicitante e o total de CU da área de coñecemento e será seleccionada a área de coñecemento con menor cociente. De persistir o empate aplicaranse sucesivamente os criterios de menor número de CU por área e maior carga docente.

Non poderá seleccionarse máis de 1 praza por área de coñecemento segundo este criterio.

Procedemento

Delégase na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a selección das áreas desta convocatoria e a creación das prazas correspondentes. Seleccionaranse en primeiro lugar as áreas ás que fai referencia o Criterio I. Excluídas estas persoas aplicarase o Criterio II.

As prazas serán asignadas ao campus ao que pertenza a persoa solicitante. No caso de haber solicitantes de varios campus nunha mesma área no Criterio II aplicarase o criterio por separado aos campus e resultará seleccionado aquel con maior valor de I. En caso de empate entre campus aplicaranse os criterios sucesivos de desempate por xénero, número de CU e carga docente do mesmo xeito que no Criterio II.

Formalización de solicitudes

As solicitudes presentaranse no modelo do Anexo I. Xunto coa dita instancia deberá achegarse copia da certificación da acreditación para Catedrática/o de Universidade.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario 36310-Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

O prazo de presentación de solicitudes será do **19 de decembro de 2016 ata o 13 de xaneiro de 2017**.